Produtores/as do “Mercado da Terra”

(Mercado Municipal de Lugo, rúa Quiroga Ballesteros n.º 1 –baixos do Uxío Novoneira–. Martes, 17.00 – 20.00 h)

Criterios para admisión de novxs produtorxs no “Mercado da Terra” (MT)

O obxectivo é priorizar a produción ecolóxica de máximo beneficio social. Co MT búscase desenvolver a produción e consumo ecolóxico.

Produtoras

- Relación estábel co MT: acudir ao Mercado un mínimo de 6 meses cumprindo os criterios que, a seguir, se detallan. Para que o Mercado funcione, ten que haber produto todo o ano, por iso é importante un compromiso de asistencia.
- Proxecto aberto ás visitas de socias ou outras produtoras, e participación en visitas organizadas.
- As produtoras colaborarán na edición e creación de contidos do noso blog (mercadodaterra.noblogs.org), así como no mantemento das redes sociais.
- As produtoras deben participar nas actividades de mantemento e difusión do MT: financiamento do Mercado (na forma establecida), reunións, obradoiros, edicións especiais do Mercado, recollidas de sinaturas, cartelaría, etc.
- Valorarase positivamente que a persoa produtora viva ou pretenda vivir da produción ecolóxica.
- Valoraranse positivamente as explotacións nas cales predomine o traballo propio. Se houber persoas asalariadas, deberán ter condicións dignas.
- Valorarase positivamente unha actitude a prol do desenvolvemento da produción ecolóxica, da produción e consumo sustentábeis, en xeral, e dun modo de vida ambientalmente sustentábel.

Incorporación de novas produtoras

- Cando unha nova produtora queira incorporarse ao MT, deberá solicitalo á Asemblea do Mercado, que lle facilitará unha enquisa previa. Esta Asemblea reunirase unha vez ao mes –sempre que houber solicitudes– e decidirá a admisión das solicitantes sempre que se cumpran 2 aspectos: o cumprimento dos criterios estabelecidos (isto verifícase a través da estrutura do SPG do Mercado da Terra[1]) máis un consenso xeral da Asemblea[2].
- A Asemblea do Mercado está formada polas produtoras do MT e as consumidoras representadas polo Bandullo Ecolóxico e/ou outras consumidoras que desexaren participar (sempre cun compromiso de continuidade no tempo).
- Será importante valorar, neste punto, a necesidade de rendibilidade nas vendas das produtoras, antes da incorporación doutras novas.
- Unha vez que a Asemblea comunica á persoa interesada a aprobación dunha solicitude, deberá incorporarse antes dun mes (casos excepcionais debateranse en asemblea).

Manexo Técnico

1 Os SPG son Sistemas Participativos de Garantía que operan a nivel local. Certifican produtoras partindo da base da participación activa das persoas implicadas no proceso (produtoras, consumidoras, etc.). O Mercado da Terra conta cun SPG propio coa finalidade de validar o proceso produtivo das produtoras, aumentar a súa visibilidade e xerar confianza.

2 Entendemos por “consenso” aquelas decisións tomadas cun acordo total das persoas participantes na Asemblea. Para isto, é imprescindíbel un espírito proclive á incorporación de novas produtoras, evitando posturas intransixentes. As decisións tomadas por consenso precisan, na maioría dos casos, cesións nas ideas propias en prol do acordo grupal.

- Non usar agrotóxicos ou fertilizantes de síntese (con excepción de produtos que poidan estar admitidos na produción ecolóxica).
- Respecto polo solo, auga e polo resto do ecosistema no cal se produce.
- Máximo aforro de enerxía e auga nos procesos de produción.
- Produción diversificada (non monocultivo) de horta.
- Mecanización reducida.
- Compra/venda de proximidade.
- Comercialización dos produtos maioritariamente en circuítos curtos.
- Valorarase positivamente que o produto estea elaborado con ingredientes que sexan tamén doutras pequenas produtoras ecolóxicas da zona.

Produtos

- Os prezos dos produtos teñen que ser froito do cálculo do traballo realizado e dos gastos da produción, e non un prezo definido pola lei da oferta e a demanda. A produtora deberá saber explicar este asunto e fixará un prezo anual non variábel, salvo que varíen algúns dos gastos.
- Poden ser certificados (con selos recoñecidos polo Estado) ou non.
- Producidos ou transformados pola produtora (non persoas intermediarias).
- Prioridade do produto fresco non envasado, de temporada e local.
  - Dentro do transformado, darase prioridade a aquel que permita conservar produtos para poder consumilos fóra de temporada.
  - Sobre o envasado: potenciarase o produto a granel, a reutilización de envases e o uso do papel ou vidro. Evitarase, salvo excepcións razoábeis, o uso de plásticos.
- É prioridade cubrir a oferta de produto de primeira necesidade.
- Valorarase o uso de variedades locais.
- Priorízase o produto vexetal sobre o animal. No caso do produto animal, deberá proceder de animais que cumpran o código de benestar animal.
- Etiquetado dos produtos (etiquetado no produto envasado ou información visíbel no posto de venda mediante carteis): composición, procedencia xeográfica, produtora, prezo.

Criterios de obrigado cumprimento

De todos os puntos expostos, haberá 4 criterios de obrigado cumprimento. O seu incumprimento suporá a saída do Mercado:

- **Non usar agrotóxicos ou fertilizantes de síntese (con excepción de produtos que poidan estar admitidos na produción ecolóxica).**
- **Ser produtora directa (ou pertencente a un grupo de produtoras), non intermediaria.**
- **A produtora ten que estar aberta a visitas de consumidoras e/ou doutras produtoras, sempre respectando o traballo e dispoñibilidade, loxicamente.**
- **A produtora comprométese a asistir semanalmente (excepto por causas xustificadas que se falarán en Asemblea) ao Mercado por un período mínimo de 6 meses. A ausencia continuada (máis dun mes) sen previo aviso tamén suporá a saída do Mercado. Nestes casos poderá solicitarse a reincorporación por segunda vez, mais se se volvera producir a baixa por incumprimento dos criterios esta produtora non tería opción de voltar.**

A Asemblea do Mercado da Terra
30 de xuño de 2015
Actualizado: outubro 2017

ENQUISA PREVIA PARA A INCORPORACIÓN DE NOVAS PRODUTORAS AO MERCADO DA TERRA

Data da solicitude:

Nome:

DNI (este dato pídeo o Concello de Lugo):

Medios de contacto:

Nome do proxecto:

Localización:

Produtos que queres traer ao Mercado da Terra:

Para cada produto, describe, se é o caso, os ingredientes e procedencia de cada un deles:

Para cada produto, describe, se é o caso, fertilizantes e/ou tratamentos/produtos químicos utilizados:

Indica as variedades que utilizas e se son locais:

Indica se posúes algún selo/certificación ecolóxica para os teus produtos:

Detalla os prezos dos produtos que queres traer ao Mercado da Terra:

Describe, para cada produto, o tipo de material que utilizas para o seu envasado, se for o caso: